

AS MULLERES

¿Sabedes cantas mulleres morren ao ano? A cifra é escalofriante... cada día cando chego á casa e acendo a tele o primeiro que vexo é que foron asasinadas varias mulleres a mans da súa parella.

E eu preguntome, por que case nunca aparece un home maltratado pola súa muller? Simplemente é que os homes creñen máis poderosos por ter máis forza física e considéranse a especie dominante no mundo. Isto non é así. Unha muller pode ser tan intelixente como un home, e estase demostrando que o sexo feminino ten mellores notas académicas, polo tanto as mulleres no futuro imos ter os traballos mellor pagados, pero isto hoxe non é posible, porque á hora de escoller entre un home e unha muller para un traballo, as mulleres sofren discriminación e escóllese un home. Iso si que é unha gran inxustiza.

Cada vez que escoito a alguén dicir que as mulleres só servimos para cociñar, fregar e varrer, crece en min (e creo que nas demais mulleres) un desexo de vinganza, de demostrarlle ao mundo o que valem.

Nós non somos as criadas de ninguén, nós somos tan persoas e cos mesmos dereitos que os demais. Un home tamén pode cociñar e limpar, e que non o faga por medo a parecer un bicho raro entre os demais membros do sexo masculino é penoso.

Cantas veces oístes que unha muller foi maltratada porque non lle deu tempo a facer de comer ou as demais tarefas domésticas? Eu, moreas de veces. Nós non



podemos pechar os ollos ante estas cousas, hai que remedialo. Pero claro, seguro que estades os que pensades que unha muller que está todo o día na casa ten que ter todo feito porque parece que ten tempo abondo. Pero parade un momento e pensade na presión que teñen, que non é nada fácil poñerse a cociñar pensando no gusto de todos, que vos gusta encontrar todo máis limpo do que vós o deixastes... non se pode pedir tanto, e isto vai dirixido aos fillos, xa non aos homes. Nós somos a xeración do futuro, e, se queremos que o mundo se sinta orgulloso de nós, temos que procurar colaborar entre todos, que poñendo un pouquiño entre cada un, faremos as cousas máis fáciles e ata pode que

nun futuro desapareza a discriminación.

Que vos parece se colaborades nas tarefas domésticas da casa? seguro que vos sentiredes moito mellor e por riba seredes ben premiados polas vosas familias, porque un fillo que colabora é o mellor que se nos pode pedir a nós, que estamos na xuventude case sen problemas, pode que algún altercado coa túa parella, un problema con un amigo... pero iso, cando teñamos uns anos máis, vainos parecer unha tontería e rirémonos, así que preocupémonos do importante e intentemos facer un mundo mellor empezando pola non discriminación de sexos, e máis adiante xa nos plantexaremos novas metas

CRISTINA SUÁREZ SOUTIÑO
NATALIA VÁZQUEZ MATO. B!C